




1 Descubre que animais se relacionan coas seguintes actividades do sector primario e realiza un debuxo de cada un:

a) Gando equino

b) Apicultura



2 Ademais do comercio, o transporte e o turismo, o sector servizos inclúe outras actividades. Identifica as dúas a que corresponden as imaxes e menciona tres máis.



.....

.....

3 Escribe exemplos de diferentes medios de transporte terrestre, marítimo e aéreo.

TRANSPORTE TERRESTRE	TRANSPORTE MARÍTIMO	TRANSPORTE AÉREO

4 O xirasol, converteuse na icona das enerxías renovables polo seu enorme aproveitamento da luz solar, o seu uso para fabricar biodiésel e a súa semellanza co Sol. Descubre que é o biodiésel e a continuación diseña un logo que represente ás enerxías renovables e que inclúa a imaxe do xirasol.


.....

.....


.....

.....

.....



5 Observa estes gráficos. Mostran a porcentaxe de persoas ocupadas en cada sector económico en España a principios do século XX e na actualidade. Explica que cambios observas.



.....

.....

.....

6 Este mapa representa a densidade turística en España. Obsérvao detidamente.



a) Indica en que lugares existe unha maior densidade de turismo.

.....

.....

b) Que teñen en común a maioría das zonas máis turísticas?

.....

.....

7 Con axuda do dicionario, escribe o significado destes termos económicos:

- a) Mercado:
- b) Oferta:
- c) Demanda:
- d) Prezo:
- e) Salario:
- f) Beneficio:
- g) Crédito:
- h) Crise:
- i) Recesión:
- j) Interese:

8 Es unha persoa aforradora? Como se poden conseguir aforros? Pensa e escribe distintas maneiras de aforrar:

.....

.....

.....

.....

9 Explica coas túas palabras para que cres que serven as entidades financeiras como os bancos e as caixas de aforros.

.....

.....

.....

.....

10 Pensa en polo menos tres cousas ou produtos que poidas comprar a través dun teléfono móbil.

.....